

- AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA..
- FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO PARA 3º, 4º, 5º E 6º DE EP E 1º, 2º, 3º E 4º DE ESO.
- AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR PARA O ALUMNO DE PRIMARIA E ESO.

Os pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as que desexen optar ás axudas e ao Fondo libros, deberán presentar cubertos os Anexos I e II (Código de procedemento E330B) da Orde do 10 de maio de 2023 (DOG do 19 de maio de 2023), que se poderá presentar por vía electrónica a través da aplicación "Fondo libros", recoller no colexio ou descargalos directamente da orde citada anteriormente.

Recordarlles que debido á implantación da LOMLOE para o próximo curso cambiarán os libros de 4º e 6º de EP e 2º e 4º de ESO, mentres que os de 3º e 5º de EP e os de 1º e 3º de ESO serán os mesmos do curso 2022/2023.

Se presentan no centro a solicitude utilizarán un único impreso para todos os irmáns e para todas as axudas de Fondo libros que soliciten, mentres que se a presentan vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal/chave365>) ou a través da aplicación Fondo libros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>), terán que xerar unha solicitude para cada alumno/a, sendo a data límite de presentación o **día 21 de xuño de 2023**. Recomendamos que axilien a presentación de solicitudes para evitar problemas na súa tramitación. **Deberán traer as fotocopias feitas.**

As familias interesadas deberán achegar xunto coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

- a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- 1.- Certificado ou volante de convivencia.
- 2.- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) No caso de discapacidade do alumno/a ou de calquera membro da familia (igual ou maior ao 33%): certificado de discapacidade non expedido pola Administración autonómica, xa que os que foron emitidos pola Xunta xa os comproba electronicamente a Consellería de Educación.
- d) No caso de ser vítima de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación xustificativa de dita situación.
- e) Se procede, resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- f) Se procede, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) No caso de que o pai ou a nai ou o/a titor/a carezan de DNI ou NIE achegarán certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

A documentación presentada deberá ter validez na data de finalización do proceso de solicitude (21 de xuño de 2023).

### **CONTÍAS DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO PARA 1º E 2º DE PRIMARIA:**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará as axudas para o alumnado solicitante matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria que reúna os requisitos previstos nesta orde, nos seguintes importes por alumno/a e curso, segundo a **renda per cápita familiar do ano 2021** que se calculará:

$$\frac{\text{Base imponible xeral (recadro 435) + Base imponible do aforro (recadro 460)}}{\text{N.º de membros da unidade familiar}}$$

- Con renda per cápita familiar ata 6.000€ : 240€
- Con renda per cápita familiar entre 6.000€ E 10.000€ : 160€

Unha vez entregada a solicitude e introducida no sistema, este permitirá ao centro educativo a xeración dun vale, ou dous no caso de 1º e 2º de EP, que, asinado polo director será entregado ao solicitante. No caso de haber varios fillos/as que opta á axuda cubrirase na mesma solicitude. Este mesmo importe achegarase vales correspondentes ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que non poidan utilizar os libros de texto do curso no que están matriculados.

**As familias serán avisadas por Tokapp cando estean dispoñibles os vales.**

### **ASIGNACIÓN DE LIBROS DO FONDO SOLIDARIO PARA 3º,4º, 5º E 6º DE EP E TÓDOLOS CURSOS DE ESO**

A asignación de libros de texto nos citados cursos que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase seguindo esta orde:

- a) Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar (suma dos recadros 435 e 460 dividido entre número de membros da unidade familiar da declaración da renda do ano 2021).
- b) Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

Esgotados o libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:

- 1.- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: (6) seis libros de texto.
- 2.- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: (4) catro libros de texto.
- 3.- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: seis (6) libros de texto con independencia da renda.

## AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en Educación Primaria e en ESO será:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: 75€.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 60€.